

Proxecto de Decreto ____/2024, do XX de XX, polo que se crea e regula o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

CAPÍTULO I.....	7
Obxecto, principios fundamentais e definicións.....	7
Artigo 1. <i>Obxecto</i>	7
Artigo 2. <i>Principios fundamentais</i>	7
Artigo 3. <i>Definicións</i>	8
CAPÍTULO II.....	13
Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia.....	13
Artigo 4. <i>Sistema voluntario de créditos de carbono</i>	13
Artigo 5. <i>Obxectivos do sistema</i>	14
Artigo 6. <i>Características do sistema</i>	15
Artigo 7. <i>Xestión e elementos do sistema</i>	15
Artigo 8. <i>Axentes do sistema</i>	16
CAPÍTULO III.....	16
Comité Técnico e metodoloxías.....	16
<i>Sección 1ª. Comité Técnico de Metodoloxías</i>	16
Artigo 9. <i>Creación e composición do comité técnico</i>	16
Artigo 10. <i>Presidencia</i>	17
Artigo 11. <i>Vogais</i>	18
Artigo 12. <i>Secretaría</i>	19
Artigo 13. <i>Réxime de reunións</i>	19
Artigo 14. <i>Convocatorias</i>	20
Artigo 15. <i>Sesións</i>	20
Artigo 16. <i>Funcións do comité técnico</i>	21
Artigo 17. <i>Réxime subsidiario</i>	21
<i>Sección 2ª. Metodoloxías</i>	21
Artigo 18. <i>Elementos xerais das metodoloxías</i>	21
Artigo 19. <i>Aspectos concretos das metodoloxías</i>	22
Artigo 20. <i>Proposta, tramitación e aprobación das metodoloxías para proxectos de carbono</i>	23
CAPÍTULO IV.....	24
Dos proxectos e créditos de carbono.....	24
<i>Sección 1ª. Actuacións previas á presentación dunha solicitude de aprobación dun Proxecto de carbono: acreditación do organismo de certificación e a validación</i>	24
Artigo 21. <i>Obrigatoriedade da validación como actividade ex-ante</i>	24
Artigo 22. <i>Organismos de certificación</i>	25
<i>Sección 2ª. Proxectos de carbono</i>	25
Artigo 23. <i>Principios fundamentais e criterios dos Proxectos de carbono</i>	25
Artigo 24. <i>Solicitudes de aprobación do Proxecto de carbono</i>	26
Artigo 25. <i>Documentación complementaria</i>	26
Artigo 26. <i>Comprobación de datos</i>	28
Artigo 27. <i>Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude</i>	29
Artigo 28. <i>Instrución do procedemento</i>	29
Artigo 29. <i>Avaliación do proxecto e resolución</i>	29
Artigo 30. <i>Notificacións</i>	30
Artigo 31. <i>Recurso</i>	31
<i>Sección 3ª. Verificación dos proxectos</i>	31
Artigo 32. <i>Obrigatoriedade da verificación</i>	31
<i>Sección 4ª. Créditos de carbono</i>	32
Artigo 33. <i>Orixe e valoración do Créditos de carbono</i>	32

Artigo 34. <i>Tipos de créditos de carbono</i>	32
Artigo 35. <i>Créditos de carbono ECO</i>	33
CAPÍTULO V.....	33
Transacción de créditos, rexistro e monitorización e cancelación dos proxectos.....	33
<i>Sección 1ª. Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia</i>	33
Artigo 36. <i>Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia como rexistro</i>	33
Artigo 37. <i>Xestión da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia</i>	34
Artigo 38. <i>Confidencialidade</i>	34
Artigo 39. <i>Responsabilidade da actualización de documentación</i>	34
<i>Sección 2ª. Transacción de créditos de carbono</i>	35
Artigo 40. <i>Inscripción dos créditos de carbono</i>	35
Artigo 41. <i>Comunicación da transacción</i>	35
Artigo 42. <i>Comprobación de datos</i>	36
Artigo 43. <i>Trámites administrativos posteriores á presentación da comunicación de transacción</i>	36
<i>Sección 3ª. Execución da Monitorización</i>	36
Artigo 44. <i>Execución do Plan de monitorización</i>	36
Artigo 45. <i>Puntos de mostraxe</i>	37
Artigo 46. <i>Comunicación da monitorización</i>	37
Artigo 47. <i>Documentación complementaria</i>	38
Artigo 48. <i>Comprobación de datos</i>	39
Artigo 49. <i>Trámites administrativos posteriores á presentación da comunicación de monitorización</i>	39
Artigo 50. <i>Responsabilidade do cumprimento do plan de monitorización</i>	40
Artigo 51. <i>Consecuencias das constatacións derivadas da monitorización</i>	40
<i>Sección 4ª. Reversión do carbono capturado e cancelación do proxecto inscrito</i>	40
Artigo 52. <i>Desconto dos créditos</i>	40
Artigo 53. <i>Cancelación do proxecto de carbono inscrito no sistema</i>	41
CAPÍTULO VI.....	41
Medidas de fomento.....	41
Artigo 54. <i>Fomento dos proxectos de carbono</i>	41
Disposición adicional única. <i>Actualización de modelos normalizados</i>	42
Disposición derradeira primeira. <i>Habilitación normativa</i>	42
Disposición derradeira segunda. <i>Entrada en vigor</i>	42

O artigo 6 do Tratado de París configura o financiamento do carbono como un elemento clave para a implementación das Contribucións Nacionais Determinadas (NDC, nas súas siglas en inglés). Así a organización de mercados de carbono nos que se produza un intercambio dos denominados créditos de carbono determina a posta en marcha dun mecanismo de compensación para aquelas empresas interesadas en contrarrestar aquelas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) a partir da compra deses créditos a aquelas entidades que eliminan ou reducen as ditas emisións.

Un crédito de carbono negociable equivale a unha tonelada de dióxido de carbono, ou á cantidade equivalente dun gas de efecto invernadoiro diferente, que ten sido reducido, secuestrado ou evitado.

A nivel internacional suscitouse un incremento do interese nos mercados de carbono e avanza nos acordos sobre os procesos e metodoloxías que deben seguirse para a súa organización. Isto propicia a xeración de diversas oportunidades, e permite a obtención de beneficios de diversa natureza, como son os medioambientais, sociais ou económicos.

Non obstante o anterior, existe unha gran preocupación por aspectos negativos, como son a dobre contabilidade, a deslealdade nas transaccións ou o ecoblanqueo ou lavado verde (*greenwashing*). Para asegurar o éxito dos mercados de carbono, na súa organización cómpre ter presente estes problemas, asegurando que as reducións e eliminacións de emisións sexan reais e sometidas a verificación, e que se salvagarde a lealdade nas transaccións para garantir os beneficios ás persoas ofertantes e demandantes. Cómpre asegurar a transparencia na infraestrutura institucional e financeira e promover garantías sociais e ambientais adecuadas para mitigar calquera impacto adverso do proxecto, favorecendo os impactos positivos.

Os mercados voluntarios de carbono están dirixidos a organizacións públicas e privadas, mesmo a cidadanía, que se queren responsabilizar da súa acción climática, compensando a súa pegada de carbono mediante a participación en proxectos que contribúen á eliminación ou secuestro de carbono. Polo tanto, estes mercados voluntarios de carbono (MVC), permiten que as pequenas e medianas empresas podan tamén compensar as súas emisións.

Para que os mercados voluntarios desempeñen este papel han de cumprir unha tripla condición, consistente na adicionalidade, na permanencia e na contabilidade única. En consecuencia, os proxectos, para ser admitidos como oferta nun mercado voluntario, deben proporcionar adicionalidade, o que implica que a eliminación ou secuestro de carbono se fai como

complemento a unha actividade que xa se realiza e máis aló dos requirimentos legais exixibles. O secuestro ou redución de carbono debe ter unha grao de permanencia suficiente e o mercado debe evitar a dobre contabilidade, de xeito que os créditos usados para un proxecto non se contabilicen dúas veces.

Por último, os proxectos admitidos nestes mercados deben contribuír a un desenvolvemento sostible das comunidades locais e que exista un alto grao de participación delas. É imprescindible, polo tanto, que exista un sólido procedemento que proporcione a seguridade xurídica a todas as partes participantes no mercado voluntario.

II

Recentemente, a Comisión Europea ten lanzado unha iniciativa lexislativa co obxectivo de implantar no ámbito da Unión Europea un esquema de eliminación de carbono, que contempla a supervisión, notificación e verificación da autenticidade desta operación. A través desta iniciativa preténdese ampliar a eliminación sostible de carbono e o fomento de solucións para capturar, reciclar e almacenar CO₂ por parte das persoas agricultoras, silvicultoras e industrias. A Comisión Europea considera que estas actuacións representan un paso necesario e significativo cara a integración da eliminación de carbono nas políticas climáticas da UE.

A dita iniciativa está aliñada cos seguintes instrumentos e normas: os Inventarios de Gases de Efecto Invernadoiro, a Estratexia Europea da Biodiversidade, a Estratexia Forestal Europea, A Regulación LULUCF, a Directiva Europea de Enerxías Renovables (RED II/III), o Regulamento sobre Taxonomía, a Comunicación sobre Ciclos de Carbono Sustentables, o Regulamento de Deforestación da UE (EUDR) e as súas transposicións a normativas nos diferentes estados membros.

Pola súa parte a Organización das Nacións Unidas, recoñece que o mantemento dos ecosistemas mariños, especialmente os vexetais teñen un alto potencial de secuestro de carbono á par que poden contribuír ao aseguramento socioeconómico das poboacións costeiras e compensar a redución do secuestro de carbono que o quecemento oceánico está a provocar. Así mesmo, a promoción dun axeitado manexo destes ecosistemas pode impulsar a seguridade alimentaria, asegurar a subsistencia ou incrementar a resiliencia da costa a través do secuestro de carbono.

III

A Xunta, no marco do seu compromiso de acadar a neutralidade climática, a máis tardar no ano 2050 está na liña de fomentar o desenvolvemento sostible do territorio, impulsando, entre outros os proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades, aproveitando o seu capital natural, como as masas forestais, a agricultura e a acuicultura para xerar o apoio á renda no medio rural.

O proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, actualmente en tramitación, regula no seu título sexto o mercado de créditos de carbono da Xunta de Galicia, establecendo que a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia desenvolverase regulamentariamente mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Desde o punto de vista competencial o artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega en materia de montes, aproveitamentos forestais e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución en materia de lexislación básica sobre medio ambiente.

No exercicio desta competencia a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición adicional terceira bis establece que a realización de negocios xurídicos que teñan como obxecto a cesión ou mantemento do dióxido de carbono, presente ou futuro, almacenado nos montes considerárase como un aproveitamento forestal. Neste contexto a disposición adicional terceira ter da dita lei establece a facultade da Xunta de Galicia para artellar un sistema créditos de carbono de carácter voluntario que permita a participación de diversos axentes: tanto do lado da oferta; a través da promoción de captura de carbono xeradora de créditos de carbono, como do lado da demanda; a través da adquisición dos ditos créditos en favor da compensación de emisións que poidan xerar, contribuíndo a unha mitigación contra o cambio climático.

O Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica, regula no seu primeiro eixo a creación dun programa de xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao cambio climático (I.2.1.), en coherencia coa integración dentro da política forestal dos obxectivos da acción internacional sobre cambio climático. Deste xeito propónse fomentar a xestión forestal activa para a mellora e o incremento da capacidade de fixación de carbono das masas forestais, e a mitigación e adaptación ao cambio climático dos montes galegos como infraestruturas verdes, mediante liñas de fomento de prácticas de silvicultura adaptativa.

Todo este contexto legislativo permite a organización inmediata dun mercado voluntario de carbono que orixine créditos de carbono. Estes poden derivar da capacidade de absorción e almacenamento de carbono pola realización de actividades relativas aos usos da terra, os cambios de uso da terra e as masas forestais no territorio galego e a promoción dos produtos forestais en substitución doutros cunha maior pegada de carbono. A experiencia que se extraia desta primeira liña de acción permitirá a súa réplica noutras actividades consideradas como de alto potencial de secuestro de carbono.

O sistema voluntario de créditos carbono de la Xunta de Galicia que se regula neste decreto, ven a determinar o marco socioeconómico e medioambiental para a xeración e transacción dos créditos de carbono certificados. Ademais, o dito mercado caracterízase por ser rigoroso, transparente e verificable, e baséase na adicionalidade e no alto valor medioambiental e social das accións. A xeración e certificación de créditos de carbono contribúe aos obxectivos de descarbonización en Galicia baixo criterios específicos de elixibilidade, contabilización e revisión do carbono xerado, monitorización e verificación por entidades independentes.

Dado o alto nivel de desenvolvemento deste tipo de mercados na política forestal, este decreto establece medidas concretas de fomento da xestión forestal activa e sustentable polo evidente efecto beneficioso sobre a prevención de incendios e a fixación de poboación no entorno rural.

IV

O decreto estrutúrase en 6 capítulos, 54 artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións derradeiras e 4 anexos.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia ao Consello Forestal de Galicia e ás persoas interesadas e a publicación do texto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta conxunta dos titulares das consellerías con competencias en medio ambiente e medio rural, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XX de XX de 2024.

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, principios fundamentais e definicións

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto:

- a) A creación e regulación do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, a definición da súa estrutura e organización e a regulación das obrigas e dereitos das persoas participantes, tanto ofertantes como demandantes.
- b) O establecemento dos requisitos para a verificación e a certificación por terceiras persoas das eliminacións de dióxido de carbono, a xestión dos sistemas de certificación e o funcionamento dos rexistros.

Artigo 2. Principios fundamentais

O sistema voluntario de créditos carbono da Xunta de Galicia ten como principios fundamentais:

- a) Adicionalidade: entendéndoa como o carbono capturado e almacenado e consecuentemente reducido como resultado das actividades derivadas só do proxecto levado a cabo, e axustado polas fugas derivadas del.
- b) Transparencia: A información debe ser comprensible e transparente sobre as actividades de mitigación levadas a cabo. A información debe estar publicamente dispoñible e o escrutinio das actividades de mitigación debe ser accesible, transparente e entendible para a sociedade.
- c) Contabilidade única, asegurando unha soa contabilización dos proxectos obxecto da actividade de mitigación e evitando dobre certificación e/ou dobre uso.

- d) Permanencia, salvaguardando o carbono capturado e garantindo a súa protección, no caso de situacións de reversión.
- e) Gobernanza, fomentando un programa de colaboración efectiva que asegure a transparencia, a contabilización rigorosa e a calidade dos créditos de carbono xerados.
- f) Uso dun rexistro confiable, co fin de identificar, rexistrar e trazar as actividades de mitigación e os créditos de carbono xerados de xeito transparente e seguro.
- g) Independencia na certificación e verificación das actividades de mitigación, asegurando requirimentos validados e verificados.
- h) Cuantificación das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) capturadas ou reducidas, asegurando o máximo rigor científico, a seguridade e o enfoque conservador na contabilidade do carbono absorbido ou almacenado derivado das actividades que se leven a cabo.
- i) Desenvolvemento sustentable do impacto e das medidas de protección, garantindo que o sistema voluntario de créditos de carbono teña una dirección clara, que os instrumentos e procedementos utilizados estean en liña coas mellores práctica industriais e que prioricen o impacto social, medioambiental e económico.
- j) Transición cara a neutralidade carbónica, actualizando os protocolos, requirimentos e metodoloxías cara o obxectivo de neutralidade carbónica en Galicia a máis tardar no ano 2050.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos do previsto neste decreto establécense as seguintes definicións:

- a) Actividade de absorción de carbono: aquelas prácticas ou procesos que se leven a cabo por unha persoa operadora que teñan como resultado o almacenamento permanente de carbono, mellorando a captura nun reservorio de carbono bioxénico, reducindo a liberación de carbono dun reservorio de carbono bioxénico ou fósil á atmosfera, ou almacenando carbono atmosférico ou carbono bioxénico en produtos ou materiais de longa duración.
- b) Adicionalidade: Calidade pola que o carbono capturado é almacenado e consecuentemente reducido como resultado de actividades específicas e voluntarias e deriva só delas. Debe ir máis aló dos requisitos legais e producirse debido ao efecto incentivador da compensación, para o seu establecemento as metodoloxías deberán definir a liña base e/ou os test específicos que demostren a dita adicionalidade.
- c) Almacenamento permanente de carbono: aquela actividade de captura de carbono que, en circunstancias normais e utilizando prácticas de xestión adecuadas, almacena carbono

atmosférico ou bioxénico nunha cantidade equivalente a unha tonelada de carbono capturada xeoloxicamente.

d) Almacenamento de carbono en produtos: aquela actividade de captura de carbono que acumula carbono atmosférico e/ou bioxénico en produtos ou materiais de longa duración, cando menos 35 anos, incluíndo o efecto substitutivo destes por outros cunha pegada de carbono máis desfavorable.

e) Autoridade competente do sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia: é a Xunta de Galicia, quedando adscrita como persoa xestora do sistema a consellería con competencias en materia de clima, quen actuará como órgano instrutor en todos os procedementos administrativos incluídos neste decreto.

f) Bolsa de garantía: a porcentaxe de créditos de carbono que se proxectan xerar a través do proxecto e que non se poden comercializar, co fin salvagardar as posibles situacións de reversiones de carbono capturado.

g) Captura de carbono: a absorción e almacenamento do carbono atmosférico ou bioxénico en reservas de carbono bioxénico ou mediante a redución de emisións de carbono fósil polo uso de produtos de carácter renovable de orixe forestal.

h) Cancelación de créditos: a anulación, automática ou voluntaria, de créditos de carbono que evita o uso ou utilidade deles.

i) Compensación de emisións: proceso de adquisición dunha determinada cantidade de créditos de carbono por parte da figura da persoa beneficiaria.

j) Crédito de carbono: unidade comercializable igual a unha tonelada de CO₂ equivalente (CO₂e) capturada e que derive das actividades desenvolvidas por un proxecto validado no mercado voluntario de carbono.

k) Crédito de carbono ECO: unidade comercializable igual a unha tonelada de CO₂ equivalente (CO₂e) capturada e que deriva das actividades desenvolvidas por un proxecto validado no mercado voluntario de carbono, que, máis aló da propia captura de carbono, incorpore beneficios adicionais no referente á conservación do medio ambiente, á natureza, á biodiversidade; á prevención e defensa contra os incendios forestais, ao fomento da madeira con usos de vida longos ou ao desenvolvemento da economía social da poboación rural.

l) Créditos de carbono estimados ou CCE: créditos de carbono ou créditos de carbono ECO estimados (*ex-ante*) que poden ser potencialmente xerados durante o primeiro 15% da vida do proxecto desde a súa aprobación. Estes créditos derívanse do carbono capturado calculado que, ou ben aínda non ocorreu, ou aínda non foi verificado durante o primeiro 15% da vida do proxecto desde a súa aprobación.

m) Créditos de carbono verificados ou CCV: créditos de carbono ou créditos de carbono ECO efectivamente xerados (*ex-post*) por un proxecto despois da súa debida monitorización e verificación por un organismo independente nos termos da metodoloxía específica á que o proxecto de carbono se adhira.

n) Escenario base ou escenario de referencia: o punto de partida a partir do cal, debido á ausencia dunha actividade específica e voluntaria, a adicionalidade do carbono capturado é calculada.

o) Escenario de proxecto: o punto de partida a partir do cal, debido a unha actividade específica e voluntaria levada a cabo, a adicionalidade do carbono capturado derivada dela é calculada.

p) Externalidades: os impactos socioeconómicos e ambientais inherentes á implementación do proxecto, tanto positivos como negativos.

q) Fugas de carbono base ou fugas de carbono de referencia: variabilidade do carbono capturado nun radio de 5 quilómetros fóra dos límites do escenario base ou de referencia atribuíble á ausencia de proxecto.

r) Fugas de carbono de proxecto: variabilidade do carbono capturado nun radio de 5 quilómetros fóra dos límites do escenario de proxecto, atribuíble ao cambio das actividades específicas e voluntarias do proxecto.

s) Gases de efecto invernadoiro (GEI): o dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄), óxido nitroso (N₂O), os hidrofluorocarburos (HFC), perfluorocarbonetos (PFC) e hexafluoreto de xofre (SF₆).

t) Liña de base: corresponde ao desempeño estándar de eliminación de carbono de actividades comparables en circunstancias sociais, económicas, ambientais e tecnolóxicas similares e terá en conta o contexto xeográfico.

u) Monitorización: o proceso de recompilación de información necesaria para medir o carbono capturado na Rede Base e na Rede Proxecto.

v) Persoa beneficiaria: aquela persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, que adquira créditos de carbono. A persoa beneficiaria pode ser compensadora, cando adquire o créditos para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) derivadas da súa propia actividade ou persoa intermediaria, cando adquire créditos de carbono para a súa venda a terceiras persoas.

w) Persoa operadora: aquela persoa física ou xurídica que desenvolve o proxecto de carbono. A operadora pode ser a persoa titular da superficie obxecto de actividades xeradoras de créditos de carbono ou calquera terceira persoa na que se delega o desenvolvemento técnico do proxecto.

x) Período de monitorización: intervalos de tempo no que o carbono capturado é monitorizado pola persoa operadora do proxecto.

y) Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia: rexistro público, accesible e centralizado, do sistema voluntario de créditos de carbono a través do cal se dá publicidade á información sobre as metodoloxías propostas e aprobadas e os organismos de certificación, sobre os proxectos aprobados e sobre o resultado final das transaccións de créditos e sobre os demais asuntos necesarios para o desenvolvemento dos preceptos contidos neste decreto.

z) Plan de monitorización: Planificación da recollida de información sobre os reservorios de carbono para cada proxecto, identificando o sistema de obtención, rexistro e análise da información sobre o carbono cuantificado.

aa) Proxecto conxunto: proxecto proposto que integra varios proxectos individuais que aínda non compartindo límites xeográficos teñan unha tipoloxía e unha metodoloxía de carbono común.

bb) Protocolo de campo: pautas para a medición e monitorización das parcelas tanto do escenario base ou escenario de referencia como do escenario de proxecto. Inclúen o deseño de mostraxe de parcela e inferencial, así como as variables a medir, estimar ou determinar en cada un dos elementos da mostra, así como o uso de información auxiliar na que se puidera basear ou asistir as estimacións, se fora o caso, así como as variables a calcular de cada un dos puntos da mostra.

cc) Proxecto de carbono: proxecto que promova aquelas actividades de redución de GEI baixo a captura de carbono.

dd) Ratio de permanencia equivalente: a equivalencia entre a permanencia dunha tonelada de carbono capturada derivada do proxecto e a permanencia dunha tonelada de carbono capturada xeoloxicamente.

ee) Rede Base: parcelas de medición requiridas para a produción de estimacións e cálculos do carbono capturado no escenario base ou escenario de referencia.

ff) Rede Proxecto: parcelas de medición requiridas para a produción de estimación e cálculos do carbono capturado no escenario de proxecto.

gg) Reservorio de carbono bioxénico: a biomasa aérea viva, biomasa subterránea viva, vexetación seca, follaxe e materia orgánica contida nos solos e nos ecosistemas mariños.

hh) Reversión do carbono capturado: situación intencional ou non na que, ben a cantidade do carbono capturado dun determinado escenario de proxecto é menor que o carbono capturado dun determinado escenario base ou escenario de referencia nun período de monitorización concreto, ou ben a cantidade de carbono capturado dun determinado escenario de proxecto é negativa con respecto ao período de monitorización anterior.

ii) Reversión intencional do carbono capturado: aquelas reversións non previstas na metodoloxía asociada á tipoloxía do proxecto que poidan ser imputadas á persoa operadora do proxecto por incumprimento, ben do previsto nos documentos do proxecto, ben da debida dilixencia na minimización dos riscos.

jj) Reversión non intencional do carbono capturado: aquelas reversións non previstas na metodoloxía asociada á tipoloxía de proxecto que, provocadas por fenómenos naturais, en particular lumes, pragas, vendavais ou outras situacións de forza maior nas que a persoa operadora do proxecto ou a titular das masas forestais onde o proxecto é levado a cabo non teñen influencia.

kk) Sistema voluntario de créditos de carbono: conxunto de elementos, regras e principios que rexerán para o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de contribuír á protección do medio natural e ao desenvolvemento sustentable do territorio de Galicia, no marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica

ll) Tonelada equivalente de dióxido de carbono: unha tonelada métrica de CO₂ ou unha cantidade equivalente de calquera outro GEI consonte os factores de conversión científicos baixo os factores de conversión oficiais do Panel Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC).

mm) Validación previa: proceso polo que o proxecto de carbono é inicialmente avaliado *ex-ante* por organismos independentes e acreditados, e conforme o cal o proxecto cumpre os requirimentos do sistema voluntario de créditos de carbono e da metodoloxía específica á que se adhire.

nn) Verificación: proceso polo que, o proxecto de carbono é avaliado *ex-post* de forma periódica por un organismo independente e acreditado, conforme o cal o proxecto cumpre cos requirimentos do sistema voluntario de créditos de carbono e da metodoloxía específica á que se adhire no relativo á efectiva cuantificación e monitorización do dióxido de carbono.

oo) Xestión forestal sustentable: a organización, a administración e o uso dos montes de forma e coa intensidade que permitan manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes no ámbito local, nacional ou global, e sen producir danos a outros ecosistemas.

CAPÍTULO II

Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

Artigo 4. Sistema voluntario de créditos de carbono

1. O sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia servirá de nexa entre as persoas operadoras ou grupos de operadoras, que actuarán como promotoras dos proxectos de absorción de carbono nos mercados voluntarios de carbono e aquelas compensadoras, que adquiren ou utilicen créditos de carbono, ben sexa como persoas intermediarias o ben como persoas beneficiarias directas co fin de compensar as súas emisións.

2. O sistema organizarase seguindo o principio de lealdade das transaccións, e deberá respectar as metodoloxías que se aproben. Estas metodoloxías establecerán uns mecanismos de control para evitar un acaparamento indebido de créditos de carbono por parte das persoas intermediarias. Para tal efecto deberá levarse un rexistro e control do destino final deses créditos en favor das persoas beneficiarias.

3. O acaparamento indebido de créditos de carbono por parte das persoas intermediarias controlárase a través da limitación da porcentaxe dos créditos de carbono que poderá vender unha persoa operadora a persoas intermediarias. Polo tanto, a persoa operadora non poderá vender máis do 15% do total dos créditos estimados para cada proxecto inscrito no sistema ao conxunto de persoas intermediarias.

4. No caso de que a persoa xestora do sistema detecte un acaparamento indebido dos créditos de carbono vendidos nun proxecto procederase á cancelación do proxecto.

Artigo 5. *Obxectivos do sistema*

O Sistema voluntario de créditos de carbono perseguirá os seguintes obxectivos:

a) Contribuír á mitigación de gases de efecto invernadoiro (GEI), á descarbonización da economía no territorio autonómico e ao cumprimento dos compromisos autonómicos, nacionais, europeos e internacionais asumidos por Galicia, en liña coas políticas europeas relacionadas co clima e o medio natural.

b) Servir como instrumento para a conservación do medio ambiente, do medio natural e do medio rural.

c) Fomentar un modelo económico de capital natural a través de proxectos de negocio con efectos positivos para o mar, a natureza e a biodiversidade, para a prevención e defensa contra os incendios forestais, para a protección fronte a catástrofes naturais, para a mitigación e/ou adaptación contra o cambio climático e para a creación do emprego endóxico, colaborando ao aumento da calidade de vida e o desenvolvemento da sociedade no medio rural.

d) Favorecer a conservación, prevención, protección, restauración, ordenación e xestión dos recursos mariños, naturais, agrícolas e forestais a través de unidades comercializables derivadas da capacidade de absorción e almacenamento de carbono procedentes das actividades relativas aos usos do mar, da terra, os cambios de usos da terra, incluíndo as turbeiras ou ás masas forestais como parte do aproveitamento multifuncional do monte galego.

e) Impulsar a xestión sustentable dos recursos mariños, naturais, forestais ou agrícolas como base para a xeración de unidades comercializables derivadas da capacidade de absorción e almacenamento de carbono e da súa contribución á mitigación de emisións de GEI, así como fomento do uso da madeira e doutros materiais con capacidade de secuestro como reservorio de carbono e substitución doutros produtos con balances de carbono máis desfavorables.

- f) Promover a participación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e da sociedade en xeral no fomento das accións financeiras con efectos positivos para o medio mariño, natural ou rural na Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Promover a adopción de actividades que, ademais de xerar unidades comercializables derivadas da capacidade de absorción e almacenamento de carbono, xeren cobeneficios sociais, medioambientais e económicos de forma directa ou indirecta.

Artigo 6. *Características do sistema*

O sistema voluntario de créditos de carbono caracterízase polo seguimento e respecto de normas e procedementos fiables e transparentes. En particular, no que respecta aos seguintes aspectos:

- a) Á súa xestión e control interno.
- b) A tramitación de queixas e apelacións, que se xestionará a través da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia.
- c) O procedemento de reversión e cancelación.
- d) A consulta das partes interesadas a través da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia.
- e) A transparencia e publicación de información na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia.
- f) A acreditación de organismos de certificación.
- g) A conformidade, elaboración e xestión do rexistro de proxectos.
- h) O sistema de control para evitar a dobre contabilidade.

Artigo 7. *Xestión e elementos do sistema*

1. A autoridade competente do sistema voluntario de créditos de carbono é a Xunta de Galicia, quedando adscrita como persoa xestora do sistema a consellería con competencia en materia de clima, quen actuará como órgano instrutor en todos os procedementos administrativos incluídos neste decreto.

2. O sistema voluntario de créditos de carbono está constituído polo seguintes elementos:

- a) O Comité Técnico de metodoloxías do sistema voluntario de créditos de carbono.
- b) O conxunto de metodoloxías específicas.
- c) O conxunto de protocolos, regras e orientacións de funcionamento do sistema.
- d) O/s proxecto/s de carbono.

- e) As condicións de aplicabilidade e elixibilidade dos proxectos de carbono.
- f) A Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia.
- g) O plan de monitorización da respectiva captura de carbono e os conseguintes informes de monitorización.
- h) Os axentes do sistema.

Artigo 8. *Axentes do sistema*

Se constitúen como axentes do sistema voluntario de créditos de carbono:

- a) As persoas operadoras do proxecto.
- b) As persoas beneficiarias.
- c) As entidades certificación responsables da elixibilidade, validación previa e verificación continuada dos proxectos de carbono.

CAPÍTULO III

Comité Técnico e metodoloxías

Sección 1ª. Comité Técnico de Metodoloxías

Artigo 9. *Creación e composición do comité técnico*

1. A posta en marcha do sistema voluntario de créditos de carbono esixirá a designación das persoas integrantes do comité técnico de metodoloxías do sistema voluntario de créditos de carbono (en adiante comité técnico) e o exercicio das súas competencias para a posterior aprobación das ditas metodoloxías.
2. Créase o comité técnico, como órgano colexiado de análise e informe das metodoloxías incluídas no sistema voluntario de créditos de carbono.
3. O comité técnico queda adscrito á consellería en materia de clima.
4. O comité técnico estará composto pola presidencia, 10 vogais e unha secretaría.
5. A composición do comité técnico atenderá, sempre que sexa posible, aos criterios de equilibrio efectivo entre homes e mulleres de conformidade co previsto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, do 22 de marzo, para a

igualdade definitiva entre homes e mulleres e demais normativa que resulte de aplicación nesta materia.

Artigo 10. *Presidencia*

1. A presidencia do comité técnico corresponde á persoa titular da dirección xeral competente en materia de clima.

2. As funcións da persoa titular da presidencia son:

- a) Desempeñar a representación do comité técnico.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, para o que terá en conta, se for o caso, as peticións das demais persoas membros formuladas con quince días de antelación á celebración da reunión.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Asegurar o cumprimento da normativa en vigor que resulte de aplicación ao caso concreto.
- e) Visar as actas e certificacións expedidas pola secretaría do comité técnico.
- f) Nomear, entre o persoal da dirección xeral competente en materia de clima, unha persoa titular da secretaría.
- g) Cantas outras sexan inherentes á súa condición de presidente/a.

3. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, as funcións da presidencia serán exercidas pola persoa membro da consellería competente en materia de clima designada previamente pola súa persoa titular.

Artigo 11. *Vogais*

1. O comité técnico estará integrado polas seguintes persoas coa condición de vogais:

a) Seis persoas en representación da Administración autonómica:

- a.1) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de recursos e aproveitamentos forestais.
- a.2) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de industrias forestais.

- a.3) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de patrimonio natural.
- a.4) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de agricultura e gandería.
- a.5) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de enerxía.
- a.6) A persoa titular do centro directivo ou dirección xeral competente en materia de mar.

b. Catro persoas representantes doutras administracións públicas ou entidades do sector público ou privado con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como persoas expertas nesta materia.

2. As funcións das persoas vogais son as seguintes:

- a) Participar nos debates das sesións.
- b) Formular rogos e preguntas.
- c) Cantas outras sexan inherentes á súa condición.

3. No exercicio das súas funcións as persoas vogais teñen dereito a recibir, cunha antelación mínima de 48 horas previas á celebración da sesión, a documentación da convocatoria, e tamén teñen dereito a obter toda a información sobre os temas que figuren na orde do día e dispor de toda a información precisa para cumprir as súas funcións. A orde do día deberá estar ao dispor tamén dos asesores do órgano colexiado, de designarse estes, cunha antelación de 48 horas previas á celebración da sesión.

4. As persoas vogais, en caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, poderán ser substituídos polas súas persoas suplentes, que deberán ser designadas ao mesmo tempo que se designa a persoa titular. Corresponde á persoa titular a comunicación da convocatoria á súa persoa suplente nos supostos en que non poida asistir á sesión a que foi convocada.

5. A persoa titular da presidencia poderá propoñer ao comité técnico o apoio doutras persoas ou entidades públicas ou privadas con coñecemento específico relevante, como persoas asesoras, á fin de achegar o soporte necesario, de así estimalo, na análise das metodoloxías obxecto de informe.

Artigo 12. *Secretaría*

1. A persoa titular da secretaría será nomeada pola persoa titular da presidencia e actuará con voz, pero sen voto.

2. Corresponde á persoa titular da secretaría do comité técnico:

a) Efectuar a convocatoria das sesións do comité técnico por orde da presidencia, así como as citacións aos seus membros.

b) Recibir os actos de comunicacións dos membros do comité técnico e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

c) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

d) Custodiar a documentación do comité técnico.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

3. A persoa titular da secretaría do comité técnico poderá dispoñer da asistencia de persoal técnico de apoio, pertencente á consellería competente en materia de clima, para o desenvolvemento das súas funcións.

4. No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outras causas que imposibiliten a súa asistencia, a persoa titular da secretaría será substituída por unha persoa que teña a condición de persoal funcionario da dirección xeral competente en materia de clima, designada pola presidencia do comité técnico.

Artigo 13. *Réxime de reunións*

O comité técnico reunirase como mínimo dúas veces ao ano, en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario sempre que a persoa titular da presidencia o considere oportuno ou tres quintas partes (3/5) da totalidade dos seus membros así o soliciten.

Artigo 14. *Convocatorias*

1. As sesións serán convocadas polo/a secretario/a por orde da persoa titular da presidencia. As sesións ordinarias convocaranse nun prazo mínimo de quince días naturais de antelación.

2. No caso de reunións extraordinarias, estas poderán ser solicitadas por un mínimo de tres quintas partes (3/5) da totalidade dos membros do comité técnico, e a convocatoria realizarase dentro dos sete días naturais seguintes á solicitude e formalizarase cunha antelación de dous días á celebración da sesión. No caso de urxencia, as reunións extraordinarias pódense convocar cunha antelación de corenta e oito horas.

3. As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de correo electrónico, facendo constar nelas a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando for posible, as condicións en que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, se for o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión e sinalando se a convocatoria é urxente.

4. A comunicación de convocatoria deberá conter, como mínimo, a data e o lugar onde terá lugar a sesión, o seu carácter ordinario ou extraordinario e a orde do día cos asuntos que se van tratar. A este respecto, a presidencia terá en conta as peticións dos demais membros do comité técnico que se formulasen coa suficiente antelación, e serán incluídas na orde do día, sempre e cando se consideren oportunas e acordos coas finalidades deste órgano colexiado e resolveranse motivadamente no caso de que se denegue a petición de inclusión dun asunto na orde do día.

Artigo 15. *Sesións*

1. As sesións do comité técnico celebraranse na data, na hora e no lugar indicados na comunicación de convocatoria.

2. Para a válida constitución do órgano para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da persoa titular da presidencia e da secretaría ou, se é o caso, daqueles que o/os substitúa/n, e da metade, cando menos, dos seus membros.

3. Non será obxecto de deliberación ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 16. *Funcións do comité técnico*

O comité técnico terá como funcións:

- a) Propor de oficio metodoloxías para proxectos de carbono.
- b) Recibir metodoloxías propostas por persoas terceiras, debatelas, e de ser o caso, tomar en consideración para o seu estudo.
- c) Enviar as metodoloxías en estudo á Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia para a súa exposición pública.
- d) Revisar, incorporar, mellorar e completar as metodoloxías recibidas á fin de incorporar os contidos necesarios para dar cumprimento ás exigencias dispostas en materia de metodoloxías neste decreto.
- e) Informar tecnicamente sobre a posible aprobación, revisión, actualización ou revogación á/s consellería ou consellerías con competencias na metodoloxía obxecto de proposta.

Artigo 17. *Réxime subsidiario*

Nos aspectos non contidos neste decreto respecto do funcionamento do comité técnico, aplicarase o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia para os órganos colexiados e na Subsección 1ª da Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Sección 2ª. Metodoloxías

Artigo 18. *Elementos xerais das metodoloxías*

1. Unha vez que se cree o comité técnico regulado na Sección 1ª do Capítulo III, será precisa a previa aprobación da/s metodoloxía/s para a posta en marcha do sistema voluntario de créditos de carbono, polo que non será posible a aprobación dun proxecto sen a previa aprobación da metodoloxía na que encaixe ese proxecto.
2. As metodoloxías incluirán un conxunto de criterios, requirimentos e orientacións, que deberán ser respectados polos proxectos de carbono para poder obter a súa aprobación.
3. As metodoloxías poderán contabilizar a adicionalidade non só do carbono sequestrado, senón tamén do almacenamento de carbono en produtos de longa duración, cando menos 35 anos, ou da redución de emisións como consecuencia do seu uso.

4. As metodoloxías de carbono deben ter por base as orientacións do Panel Intergubernamental para as Alteracións Climáticas (IPCC), as orientacións de boas prácticas utilizadas para o desenvolvemento do Inventario Nacional de Gases de Efecto Invernadoiro e as mellores probas científicas dispoñibles, aproveitando os sistemas e metodoloxías públicos e privados existentes, tendo en conta as normas e regras pertinentes adoptadas a nivel autonómico, estatal e europeo.

5. As metodoloxías deben garantir unha certificación sólida e transparente do beneficio neto de captura de carbono xerado pola actividade, e deben evitar ao mesmo tempo unha carga económica e administrativa desproporcionada para as persoas operadoras e as persoas axentes do sistema.

6. Na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia publicaranse a relación das metodoloxías existentes, e o contido destas, unha vez que as aprobe o Consello da Xunta.

7. No anexo I deste decreto relaciónanse as denominacións das diversas metodoloxías, sen prexuízo da inclusión de novas denominacións mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia. A inclusión das denominacións das metodoloxías no anexo I deste decreto non obsta á necesaria aprobación dos seus contidos polo Consello da Xunta de Galicia para a súa aplicación, de conformidade co que establece o artigo 20.

Artigo 19. *Aspectos concretos das metodoloxías*

1. As metodoloxías deben incluír, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Criterios de elixibilidade e orientacións sobre a avaliación da adicionalidade do proxecto, incluíndo a determinación dos escenarios de referencia e de proxecto.
- b) O método de validación (ex-ante) e verificación (ex-post) para a cuantificación do carbono capturado asociado ao proxecto, con base ao tempo de duración e ás boas prácticas existentes.
- c) Duración do proxecto de carbono, incluíndo a duración mínima e máxima del.
- d) A información relevante para a implementación das actividades do proxecto.
- e) A información relevante para a determinación dos riscos, incluíndo a reversión de emisións e medidas de mitigación dos riscos.
- f) A información relevante sobre o tempo e forma da presentación dos informes, así como a súa avaliación.
- g) A información relevante para os organismos de certificación.

- h) Os requisitos para a monitorización e verificación, en particular o plan de monitorización e o informe de verificación, incluíndo a especificación da periodicidade da presentación de ambos.
- i) As orientacións para a determinación de potenciais externalidades e indicadores que permitan a súa avaliación no decorrer do proxecto.

2. Sempre que fose aplicable, as metodoloxías deben contemplar a promoción e cuantificación, implícita ou explícita, de cobeneficios económicos, sociais e medioambientais. Entre outros, o fomento dos modelos de negocio con efectos positivos para a natureza e a biodiversidade, os beneficios adicionais no referente á conservación do mar, do medio ambiente, á natureza á biodiversidade, á prevención e defensa contra os incendios forestais, ao fomento da madeira con usos de vida longos, ao desenvolvemento da poboación rural e á creación de emprego endógeno, colaborando co aumento da calidade de vida ou o desenvolvemento da poboación rural.

Artigo 20. Proposta, tramitación e aprobación das metodoloxías para proxectos de carbono

1. As metodoloxías para proxectos de carbono poderán ser propostas de oficio polo comité técnico, ou ben poderán ser propostas polas persoas interesadas na aprobación dun proxecto de carbono.

2. As propostas de metodoloxías de carbono estarán suxeitas a un proceso previo de exposición pública na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia durante o período de tempo que determine o comité técnico, que, en calquera caso, non será inferior a 20 días.

3. Logo da exposición pública da metodoloxía, o comité técnico analizará, informará e, de ser o caso, completará esa metodoloxía, sen prexuízo do apoio externo doutras persoas ou entidades públicas ou privadas con coñecemento específico relevante.

4. O comité técnico emitirá un informe de valoración da metodoloxía proposta e remitirao á consellería competente en materia de clima, ou, de existir outras consellerías con competencias na metodoloxía obxecto de proposta, tamén a estas.

5. A consellería competente en materia de clima, logo da consulta aos órganos competentes por razón da materia na metodoloxía de que se trate, no caso de consideralo oportuno, elevará a súa proposta para a aprobación por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

6. As metodoloxías aprobadas poden ser obxecto de revisión, actualización ou revogación, seguindo o mesmo procedemento que para a súa aprobación.

7. Incluírse na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia unha listaxe actualizada das metodoloxías de carbono elixibles para o coñecemento das persoas interesadas. A documentación técnica das metodoloxías aprobadas estará dispoñible na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia, xunto cos respectivos e necesarios materiais e ferramentas de apoio.

CAPÍTULO IV

Dos proxectos e créditos de carbono

Sección 1ª. Actuacións previas á presentación dunha solicitude de aprobación dun Proxecto de carbono: acreditación do organismo de certificación e a validación

Artigo 21. Obrigatoriedade da validación como actividade ex-ante

1. Os proxectos de carbono estarán suxeitos a un proceso de validación inicial interna, que deberá ser realizada por organismos de certificación independentes e acreditados, que velarán pola independencia, a transparencia e a conformidade cos criterios e metodoloxías que estean aprobadas.

2. A validación certifica que o proxecto cumpre os requirimentos do sistema voluntario de créditos de carbono e da metodoloxía específica á que se adhire.

3. Para a validación inicial ou certificación *ex-ante* deberán revisarse, entre outros, os seguintes elementos:

- a) A adicionalidade do proxecto coa estimación de créditos de carbono por xerar.
- b) O escenario de referencia.
- c) As potenciais fugas.
- d) As externalidades positivas ou negativas.
- e) Os indicadores que permitan a súa avaliación.
- f) A definición do inicio do proxecto e a súa duración.
- g) Os riscos, incluíndo os de reversións.
- h) As medidas de mitigación deses riscos segundo os requirimentos da metodoloxía específica.

Artigo 22. *Organismos de certificación*

1. A certificación inicial ou validación *ex-ante*, así como as verificacións continuadas *ex-post* levaranse a cabo por organismos externos e independentes.
2. A acreditación dos organismos de certificación efectuarase pola persoa xestora da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia, ben a iniciativa propia, ben en aplicación da listaxe de organismos acreditados para tal efecto a nivel europeo ou estatal.
3. Na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia, a persoa xestora publicará unha listaxe actualizada dos organismos de certificación, así como dos requirimentos e condicións específicas para o seu exercicio e recoñecemento, accesible para toda persoa interesada.

Sección 2ª. Proxectos de carbono

Artigo 23. *Principios fundamentais e criterios dos Proxectos de carbono*

1. Os proxectos de carbono deben cumprir os principios fundamentais e criterios de elixibilidade definidos, tanto nos artigos deste decreto como na metodoloxía específica á que o proxecto se adhire.
2. As persoas operadoras que pretendan desenvolver un proxecto de carbono nos termos da metodoloxía específica aplicable e ver recoñecidos os créditos de carbono deberán presentar a seguinte documentación:
 - a) Solicitude de aprobación do proxecto de carbono, segundo o modelo establecido no anexo II.
 - b) Proxecto de carbono.
 - c) Certificado *ex-ante* do proxecto emitido por organismo independente e acreditado pola persoa xestora.

Artigo 24. *Solicitudes de aprobación do Proxecto de carbono*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Toda a información sobre este procedemento está dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.

3. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa solicitante.

4. No formulario de solicitude (anexo II) incluírase unha declaración responsable sobre o cumprimento da legalidade vixente.

Artigo 25. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

- a) Proxecto de carbono que contemple, nos termos da metodoloxía de carbono aplicable, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - i. A información relativa ao cumprimento dos criterios de elixibilidade, incluíndo a avaliación da adicionalidade do proxecto e a determinación do escenario de referencia.
 - ii. Método de cuantificación de créditos, *ex ante* empregado e *ex post*, con base no tempo de duración do proxecto, tendo en consideración o escenario de referencia e determinando as potenciais fugas de carbono.
 - iii. A identificación de externalidades positivas ou negativas e os indicadores que permitan a súa avaliación durante o decurso do proxecto.
 - iv. A definición do inicio de implementación do proxecto.
 - v. As duracións mínima e máxima do proxecto de carbono consonte á metodoloxía obxecto de adhesión, así como a información relevante sobre a posibilidade de renovación dese período.

- vi. Plan de monitorización e contidos dos informes de avaliación obxecto de verificación.
O Plan de monitorización deberá incluír a periodicidade prevista das medicións, tendo en conta a *ratio* entre a incertidume nas medicións e o incremento previsto no carbono estimado entre as medicións.
- vii. Plan de xestión de riscos, incluíndo os de reversións e as medidas de redución do impacto previsible dos riscos.

b) Certificado de validación *ex-ante* do proxecto emitido por organismo independente e acreditado.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón deste.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 26. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo II, de ser o caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 27. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 28. *Instrución do procedemento*

1. A persoa xestora requirirá ás persoas solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles acheguen a documentación non presentada e no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, os corrixan, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, neste requirimento indicárase que, se non se fixer, terase por desistido da súa petición, previa notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas neste decreto ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 29. Avaliación do proxecto e resolución

1. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, e logo dos informes preceptivos que sexan precisos para efectuar a avaliación, a persoa titular do centro directivo con competencias en materia de clima resolverá.

2. De ser o caso e para a valoración dos aspectos derivados da lexislación sectorial, a persoa xestora solicitará de maneira preceptiva o informe dos órganos ou organismos competentes. Se a lexislación sectorial non establece outro réxime, de non se recibir o informe ao que se refire o punto anterior no prazo de tres meses desde a súa solicitude, entenderase favorable, e proseguirá a tramitación do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de suspender a tramitación daquel para agardar a emisión do informe polo prazo máximo establecido na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. As resolucións de aprobación ou denegación dos proxectos serán motivadas. A persoa operadora solicitante deberá cumprir todas as obrigas que esixa a normativa sectorial aplicable ás actividades que se realicen na execución do proxecto, polo que a aprobación do proxecto sempre estará condicionada a que a persoa operadora respecte a normativa en vigor.

4. O prazo límite para ditar resolución expresa e notificala será de seis meses, contado desde a data na que se presentou a solicitude. Debido a súa afectación a valores naturais e medioambientais, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo se, transcorrido o prazo anterior, non se lle notificou resolución expresa.

5. A aprobación dos proxectos de carbono comportará, previo pagamento da taxa correspondente, o seu rexistro de oficio na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia.

Artigo 30. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónica de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 31. *Recurso*

Contra as resolucións ditadas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que estimen procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun

mes dende o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento contado dende o día seguinte no que se produzan os efectos do silencio administrativo ante a persoa titular da consellería competente en materia de clima, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sección 3ª. Verificación dos proxectos

Artigo 32. Obrigatoriedade da verificación

1. Os proxectos de carbono estarán suxeitos a un proceso de verificación continua ou verificación *ex-post* de acordo coas especificacións da metodoloxía específica á que o proxecto se adhira.
2. As verificacións continuas ou *ex-post* serán realizadas por organismos de certificación.
3. Para a verificación continua ou verificación *ex-post* revisarase, entre outros, o efectivo cumprimento das actividades levadas a cabo no proxecto, así como a correcta cuantificación da captura de carbono xerado polos proxectos, tendo como referencia o plan e o informe de monitorización e os requirimentos da metodoloxía á que o proxecto se adheriu.
4. Ademais do procedemento de verificación periódica, o proxecto poderá estar suxeito a controis aleatorios que, de ser o caso, realizará a persoa xestora á fin de asegurar a conformidade dos certificados de verificación emitidos polos organismos de certificación en relación ao plan e o informe de monitorización e aos requirimentos da metodoloxía.
5. No caso de detectar desviacións ou omisións intencionadas ou evitables, e tras a aplicación do procedemento correspondente, cancelarse o proxecto no sistema voluntario de créditos de carbono.

Sección 4ª. Créditos de carbono

Artigo 33. Orixe e valoración do Créditos de carbono

1. Os proxectos de carbono xeran créditos de carbono no ámbito do sistema voluntario de créditos carbono.
2. A xeración dos créditos de carbono dun proxecto de carbono dependerá da súa aprobación previa e rexistro nos termos establecidos neste decreto.

3. Cada crédito de carbono representa unha unidade comercializable igual a unha tonelada de CO₂ equivalente capturada derivada dunha actividade desenvolvida polo proxecto.
4. Os créditos de carbono son transaccionables e utilizables para a compensación de emisións.
5. Os créditos emitidos polo sistema terán un número de serie único, de forma que permita a súa rastrexabilidade.

Artigo 34. Tipos de créditos de carbono

1. O crédito de carbono pode asumir dúas formas: crédito de carbono estimado (CCE) e crédito de carbono verificados (CCV).
2. A totalidade dos CCE poden ser obxecto de transacción monetaria, tendo en consideración que os ditos créditos son os xerados durante o primeiro 15% da vida do proxecto desde a súa aprobación. Estes créditos derívanse do carbono capturado calculado que, ou ben aínda non ocorreu, ou aínda non foi verificado durante o primeiro 15% da vida do proxecto desde a súa aprobación.
3. Aqueles CCE obxecto de transacción monetaria converteranse en CCV unha vez sexan debidamente verificados.

Artigo 35. Créditos de carbono ECO

1. Os créditos de carbono de proxectos que incorporen significativos beneficios no referente á conservación do mar, do medio ambiente, á natureza, á biodiversidade, á prevención e defensa contra os incendios forestais, ao fomento da madeira con usos de vida longos ou ao desenvolvemento da poboación rural poderán ser comercializados como créditos de carbono ECO, cando nas respectivas metodoloxías estea prevista unha forma de determinación e monitorización deses beneficios.
2. Ao preverse que estes créditos de carbono acaden un maior prezo de transacción, os valores e estatísticas que se deriven da compra-venda de créditos no sistema voluntario de créditos de carbono deberán estar desagregadas, cando menos, entre créditos de carbono ECO e créditos de carbono sen a devandita distinción.

CAPÍTULO V

Transacción de créditos, rexistro e monitorización e cancelación dos proxectos

Sección 1ª. Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia

Artigo 36. Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia como rexistro

1. A plataforma é un rexistro público, accesible e centralizado, do sistema voluntario de créditos de carbono a través do cal se dá publicidade á información sobre as metodoloxías propostas e aprobadas, os organismos de certificación, os proxectos aprobados, os seus créditos de carbono, o resultado final das transaccións de créditos, e sobre os demais asuntos necesarios para o desenvolvemento dos preceptos contidos neste decreto.
2. A Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia servirá ademais como nexo de unión entre as persoas operadoras e as persoas beneficiarias, á fin de facilitar a súa posta en contacto.
3. A Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia incluírá modelos-tipo de proxectos para o seu acceso por parte das persoas interesadas e documentos de apoio sobre os seus contidos, cálculo de carbono e forma de presentación.
4. A Plataforma incluírá, como mínimo, o seguinte contido:
 - a) Normas e procedementos que rexen o sistema voluntario de créditos de carbono.
 - b) Relación e texto das metodoloxías aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.
 - c) Descrición dos proxectos inscritos, podendo incluír entre outros:
 - i. Nome, tipo de proxecto e metodoloxía.
 - ii. Estado e fitos do proxecto.
 - iii. Duración do período crediticio.
 - iv. Persoa operadora. Incluindo os datos de contacto.
 - v. Persoa certificadora.
 - vi. Informe/s relativo/s ao proxecto.
 - vii. Certificados actualizados de verificación e validación.
 - d) Créditos xerados por cada proxecto, desagregando os CCE e CCV dispoñibles, así como aqueles créditos de carbono ECO.
 - e) Créditos transaccionados, incluíndo o nome da persoa beneficiaria e os prezos pagados por crédito xerado.
 - f) Créditos cancelados, incluíndo unha descrición do motivo da reversión.
 - g) Desagregación actualizada da bolsa de garantía coa rastrexabilidade dos créditos de carbono adheridos a ela.

h) Organismos de certificación.

Artigo 37. Xestión da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia

A xestión e levanza da Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia poderá realizarse pola consellería competente en materia de clima, directamente ou a través dos seus entes instrumentais ou ben por terceiras persoas físicas ou xurídicas trala adxudicación do correspondente contrato de servizo.

Artigo 38. Confidencialidade

As persoas axentes participantes na transacción de créditos de carbono poden solicitar á persoa xestora que determinados documentos ou información sexan omitidos en aplicación dun criterio de confidencialidade consonte os termos legais aplicables.

Artigo 39. Responsabilidade da actualización de documentación

A persoa operadora do proxecto é a responsable de manter actualizados os datos, documentos e informes de verificación necesarios na Plataforma de Créditos de Carbono de Galicia segundo a metodoloxía á que o proxecto se adhira.

Sección 2ª. Transacción de créditos de carbono

Artigo 40. Inscripción dos créditos de carbono

1. A transacción dos créditos de carbono farase no ámbito privado entre as persoas operadoras do proxecto e as persoas beneficiarias a través de contratos de compra-venda.

A Xunta de Galicia estará exenta de calquera responsabilidade legal que se poida derivar destes negocios xurídicos que se produzan nestas transaccións, de ámbito exclusivamente privado.

2. Realizada a venda de créditos de carbono, a persoa operadora deberá comunicar a persoa xestora do sistema a transaccións dos créditos de carbono para o seu rexistro utilizando a tal fin o anexo III.

3. A información mínima que deberá facilitarse a través do anexo III será a seguinte:

- a) O nome das persoas que actuaron na transacción,
- b) O importe total e unitario da venda realizada, desagregando, se for o caso, aqueles créditos ECO dos restantes.

4. Os proxectos sometidos a este sistema voluntario de créditos de carbono non poden ser sometidos a outros sistemas de mercado análogos, sexan de ámbito estatal ou internacional.

Artigo 41. *Comunicación da transacción*

1. A comunicación da transacción presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> , correspondente co anexo III desde decreto.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 42. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo IV, de ser o caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 43. Trámites administrativos posteriores á presentación da comunicación de transacción

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da comunicación deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sección 3ª. Execución da Monitorización

Artigo 44. Execución do Plan de monitorización

1. As persoas operadoras están obrigadas a executar o plan de monitorización que se inclúe co proxecto de carbono, nos termos previstos na metodoloxía á que o proxecto se adhira.
2. En execución dese plan de monitorización, as persoas operadoras deberán comunicar o informe de monitorización consonte o anexo IV ao que deberá xuntarse como documentación complementaria o texto do informe de monitorización e o certificado de verificación emitido polo organismo de certificación.

Artigo 45. Puntos de mostraxe

1. Á fin de reducir os custes inherentes ao proxecto de carbono, o Inventario forestal continuo de Galicia poderá establecer, a nivel de provincia e formación específica, o escenario de referencia ou escenario base sobre a que establecer a adicionalidade das metodoloxías desenvolvidas.
2. A persoa operadora poderá establecer redes de monitorización mediante puntos de mostraxe dentro e fóra da área do proxecto onde se recollan as variables precisas para o correcto cálculo das toneladas de CO₂ efectivamente capturadas ou reducidas, de ser o caso. A tal efecto, poderá utilizar as parcelas de inventariación dos instrumentos de ordenación forestal como puntos da dita rede.
3. Poderase igualmente combinar a información de puntos de mostraxe en campo con información capturada por medio de sensores remotos terrestres ou aéreos, ou mediante

métodos de inferencia baseados ou asistidos por modelos, se a metodoloxía concreta así o permite.

Artigo 46. *Comunicación da monitorización*

1. A comunicación da monitorización presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> , correspondente co anexo IV desde decreto.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 47. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación (anexo IV) a seguinte documentación:

- a) Informe/s de monitorización.
- b) Certificado de verificación *ex-post* do proxecto emitido por organismo de certificación.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da comunicación, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón deste.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 48. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo IV, de ser o caso, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 49. Trámites administrativos posteriores á presentación da comunicación de monitorización

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da comunicación deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 50. Responsabilidade do cumprimento do plan de monitorización

A persoa operadora do proxecto de carbono é a responsable do correcto desenvolvemento e cumprimento do plan de monitorización nos termos previstos na metodoloxía de aplicación.

Artigo 51. Consecuencias das constatacións derivadas da monitorización

Á vista da dita comunicación de monitorización, a persoa xestora, logo da súa análise, notificaralle á persoa operadora aqueles créditos carbono coa condición de verificados que dispón, para os efectos previstos neste decreto.

Sección 4ª. Reversión do carbono capturado e cancelación do proxecto inscrito

Artigo 52. Desconto dos créditos

1. Sempre que se verifique nun proxecto unha reversión de emisións secuestradas e non prevista na metodoloxía asociada á respectiva tipoloxía de proxecto, descontaranse os créditos xerados polo proxecto na proporción da reversión ocorrida.

2. Cando a reversión sexa intencionada a persoa operadora do proxecto, no prazo máximo dun ano, será a responsable de repor o número de créditos de carbono equivalente ao volume de emisións revertidas, debendo provisionarse de novos créditos mediante a súa compra ou realizar unha derrama dende outros proxectos de absorción de carbono que tivera rexistrados no sistema.

3. Cando a reversión de emisións secuestradas se verifique que non é intencional a persoa operadora poderá:

- a) No caso de que dispoña no proxecto de créditos xerados e non transaccionados, cancelalos pola cantidade determinada na reversión.
- b) No caso de que non dispoña no proxecto de suficientes créditos xerados e non transaccionados, acudir á bolsa de garantía.

4. Para a salvagarda das situacións en que ocorra unha reversión non intencional das emisións secuestradas durante o período de duración do proxecto, constituírase unha bolsa de garantía co 20 % dos CCE xerados polos proxectos de secuestro de carbono. De non existir fuga de emisións ao longo do período do proxecto, estes créditos retidos serán devoltos á persoa operadora ou grupo de operadoras.

Artigo 53. Cancelación do proxecto de carbono inscrito no sistema

1. Serán causas de cancelación e baixa rexistral do proxecto de carbono as seguintes:

- a) A non comunicación dos créditos transaccionados.
- b) A non comunicación en tempo e forma da monitorización do proxecto nos termos descritos pola metodoloxía de aplicación.
- c) A non reposición, transcorrido o prazo máximo dun ano, daquelas reversións de carácter intencional realizadas pola persoa operadora do proxecto.
- d) A venda de créditos a persoas intermediarias por riba do 15% do total dos créditos estimados do proxecto de carbono.

2. A resolución de cancelación ditarase pola persoa xestora e procederase previa audiencia á persoa operadora por un período non inferior a 10 días hábiles.

3. As resolucións notificaranse ás persoas interesadas nos termos establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015. A notificación farase exclusivamente a través de medios electrónicos.

4. Contra as resolucións ditadas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que estimen procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes dende o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento contado dende o día seguinte no que se produzan os efectos do silencio administrativo ante a persoa titular da consellería competente en materia de clima, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

CAPÍTULO VI

Medidas de fomento

Artigo 54. *Fomento dos proxectos de carbono*

1. Terán prioridade na súa aprobación aquelas metodoloxías que impulsen a xestión forestal sustentable e activa como ferramenta de adicionalidade fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.
2. Nas bases reguladoras e convocatorias de axudas e subvencións que realice a administración autonómica para o fomento da xestión forestal estableceranse condicións que favorezan a conservación, protección, restauración, mellora e ordenado aproveitamento do servizo ecosistémico de fixación do carbono atmosférico que prestan os montes. En particular, entre as condicións que se establezan nas ditas convocatorias poderá figurar a necesidade de inscrición dos créditos de carbono adicionados como consecuencia das actividades obxecto de axuda pública no sistema voluntario de créditos de carbono.
3. A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de fomento para incentivar a elaboración e inscrición de proxectos de carbono no sistema regulado no presente decreto.

Disposición adicional única. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de clima para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto neste decreto, no relativo á organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I. Relación de metodoloxías de carbono

Entre outras, poderán ser obxecto de desenvolvemento en materia de metodoloxías de carbono as seguintes:

A) Agricultura, sector forestal e cambio de uso de solo (AFOLU):

- Forestacións ou primeiras repoboacións.
- Restauración forestal de áreas degradadas por perturbacións.
- Xestión/restauración/rehumedecemento de turbeiras.
- Xestión forestal sustentable.
- Sistemas agroforestais.
- Agricultura rexenerativa.
- Resalveos: conversión de montes baixos en montes altos.
- Melloras na xestión de gando.
- Xestión para a non conversión de pasteiros e matogueiras.

B) Transición e/ou eficiencia na industria enerxética:

- Biomasa.
- Solar.
- Xeotermia.
- Rioterapia.
- Biocarbón.

C) Construción/edificación:

- Elementos de madeira na construción.
- Elementos carbonatados na construción.

D) Redución de emisións por deforestación e degradación:

- Prevención contra incendios forestais.
- Restauración hidrolóxica forestal de bacías e control da erosión.
- Xestión integrada de pragas e doenzas.

E) Outros:

- Arborización de áreas urbanas.
- Biomasa e sedimentos aéreos e subterráneos de ambientes costeiros e mariños.
- Xestión de residuos. Recuperación e reciclaxe.
- Xestión eficiente da auga.
- Captura de Carbono Directa do Aire (DAC polas súas siglas en inglés)
- Bioenerxía con Captura e Almacenamento de Carbono (BECCS)
- Cultivo de algas para biofixación de carbón.

ANEXO II		
PROXECTO DE CARBONO A INSCRIBIR NO SISTEMA VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO DA XUNTA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MTXXXXX	DOCUMENTO SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
<p>Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación e electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.</p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave 365.</p> <p>Enviaranse avisos de posta ao dispor da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal</p>	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
Título do proxecto:	
Metodoloxía de aplicación:	
Duración máxima (anos):	
Nº de créditos de carbono estimados (CCE):	
Nº de créditos de carbono ECO estimados (CCE):	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:
<ol style="list-style-type: none"> Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. Que se desenvolverán en Galicia as actividades que están asignadas no proxecto para o que se solicita a súa inscrición. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto. Que está legalmente constituída e rexistrada nos rexistros competentes e estar ao corrente dos deberes referidos ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos devanditos rexistros, de ser de aplicación. Que o proxecto solicitado cumpre coa lexislación vixente de aplicación.

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
<input type="checkbox"/> Certificado de validación <i>ex-ante</i> do proxecto, emitido por organismo de certificación.			
<input type="checkbox"/> Proxecto de carbono que contemple, nos termos da metodoloxía de carbono aplicable, entre outros, os seguintes aspectos:			
<input type="checkbox"/> Criterios de elixibilidade, incluíndo a avaliación da adicionalidade do proxecto e a determinación do escenario de referencia			
<input type="checkbox"/> Método de cuantificación de créditos, <i>ex ante</i> e <i>ex post</i> , con base no tempo de duración do proxecto, tendo en consideración o escenario de referencia e determinando as potenciais fugas de carbono			
<input type="checkbox"/> Identificación de externalidades positivas ou negativas e os indicadores de avaliación durante o decurso do proxecto			
<input type="checkbox"/> Definición do inicio de implementación do proxecto			
<input type="checkbox"/> Duracións mínima e máxima do proxecto de carbono consonte á metodoloxía obxecto de adhesión, así como a información relevante sobre a posibilidade de renovación dese período			
<input type="checkbox"/> Plan de monitorización e contidos dos informes de avaliación obxecto de verificación			
<input type="checkbox"/> Plan de xestión de riscos, incluíndo os de reversións e as medidas de redución do impacto previsible dos riscos			
	ÓRGANO	CÓD. PROC	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación xustificativa de acreditación da representación da empresa, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse no Cartafol cidadán de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a devandito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RGPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigacións previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa únaa materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo recóllese en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos

ANEXO II
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto ____/2024, do XX de XX, polo que se regula o Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
LUGAR E DATA

Consellería competente en materia de clima

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

ANEXO III		
COMUNICACIÓN DE TRANSACCIÓN DE CRÉDITOS DE CARBONO DO PROXECTO DE CARBONO INSCRITO NO SISTEMA VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO DA XUNTA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MTXXXXX	DOCUMENTO COMUNICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE COMUNICANTE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	

COMUNICA que o seguinte proxecto de carbono inscrito no Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia realizou a venda de:

Código de inscrición do proxecto:				
Título do proxecto:				
Metodoloxía de aplicación:				
Número total de créditos vendidos na transacción obxecto de comunicación:	Nº de créditos de carbono estimados (CCE):		Nº de créditos de carbono verificados (CCV):	
Desagregación dos créditos vendidos	Nº e prezo unitario de créditos ECO:	€/crédito	Nº e prezo unitario dos restantes créditos:	€/crédito
Prezo de venda total	€			
Persoa intermediaria ou compradora dos créditos:	NOME/RAZÓN SOCIAL		NIF	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que todos os datos contidos nesta comunicación son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
	ÓRGANO	CÓD. PROC	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación xustificativa de acreditación da representación da empresa, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos	
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

ANEXO III
(continuación)

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade comunicante	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse no Cartafol cidadán de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a devandito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RGPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigacións previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa á materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo recóllese en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto ____/2024, do XX de XX, polo que se regula o Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
LUGAR E DATA

Consellería competente en materia de clima

ANEXO IV		
COMUNICACIÓN DO REPORTE DE MONITORIZACIÓN DO PROXECTO DE CARBONO INSCRITO NO SISTEMA VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO DA XUNTA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MTXXXXX	DOCUMENTO COMUNICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE COMUNICANTE								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	

COMUNICA que o seguinte proxecto de carbono inscrito no Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia aplicou o Plan de monitorización obtendo o informe de avaliación axunto á presente comunicación que foi obxecto de verificación por entidade de certificación.

Código de inscrición do proxecto:	
Título do proxecto:	
Metodoloxía de aplicación:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
<input type="checkbox"/> Certificado de verificación <i>ex-post</i> do proxecto, emitido por organismo de certificación.
<input type="checkbox"/> Informe de monitorización

	ÓRGANO	CÓD. PROC	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación xustificativa de acreditación da representación da empresa, no caso de que a solicitude non estea asinada por representante legal.			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos	
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade comunicante	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

ANEXO IV
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse no Cartafol cidadán de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a devandito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RGPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigacións previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa á materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo recóllese en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto ____/2024, do XX de XX, polo que se regula o Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
LUGAR E DATA